

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 10 DE AGOSTO DE 2010

LICENZAS

CAMBIO DE TITULARIDADE

Lic/1315/2010.- Mercedes Rey Domínguez. Conceder o cambio de titularidade solicitado a prol de Mercedes Rey e Hijos, S.L. da licenza concedida para construción dunha edificación na rúa da Altiboia nº 14.

3.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de bonificacións no imposto sobre bens inmobles.

Concédense diversas bonificacións.

4.- Aprobación de acta de cesión de terreos comprendidos no proxecto "Ampliación de pista en Xesteira-Marrozos".

Apróbase a devandita acta.

5.- Expedientes en materia de contratación.

- Apróbase o prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas e iníciase o expediente de contratación do Subministro de uniformidade e accesorios para o persoal da Policía Municipal, establecéndose un tipo de licitación de 141.950 euros (IVE incluído).

- Adxudícase provisionalmente o Servizo de dirección facultativa superior das obras de reurbanización da rúa Home Santo de Bonaval a Cristina Ansele Viz, por importe de 36.344 euros (IVE incluído).

- Adxudícase provisionalmente o Servizo de dirección de execución media das obras de reurbanización da rúa Home Santo de Bonaval a Adegas da Costa González, por importe de 36.005,71 euros (IVE incluído).

6.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación do recoñecemento de xubilación parcial e contrato de relevo.

Apróbase o devandito recoñecemento, así como o conseguinte contrato de relevo.

7.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación de recoñecemento de xubilación anticipada e contratación simultánea por substitución.

Apróbase o devandito recoñecemento, así como o conseguinte contrato de substitución.

8.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á solicitude dunha subvención para programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación retornada e inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma Galega.

Acórdase solicitar unha subvención total de 19.571,81 euros para cinco programas.

9.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á solicitude dunha subvención ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, para o mantemento e funcionamento do CIM.

Acórdase solicitar unha subvención de 45.000 euros para catro postos de traballo, así como o compromiso de financiar o importe do orzamento que non resulte subvencionado.

10.- Aprobación de tarifas do Transporte Urbano.

Apróbase o cadro tarifario, que queda como segue:

- Billete ordinario 1 €
- Billete escolar 0,55 €
- Bono ordinario 0,60 €
- Bono escolar 0,40 €
- Bono mensual 26 €
- Transbordos gratuítos 0 €
- Bono pensionista 0 €

URXENCIAS

1.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas e inicio do expediente para a contratación do subministro de consumibles de impresión para o Concello de Santiago.

Apróbanse os pregos e iníciase o expediente para a devandita contratación, establecéndose un tipo de licitación de 32.164,61 euros (IVE incluído).

2.- Adxudicación provisional do contrato de prestación de servizo de desenvolvemento e adaptación da páxina web municipal do Concello de Santiago de Compostela a un novo xestor de contidos.

Adxudícase provisionalmente o devandito contrato a Francisco García Novais, por importe de 28.567,80 euros (IVE incluído).

3.- Adxudicación definitiva do contrato de reforzo do firme das vías públicas municipais 2010 (2ª fase).

Elévase a definitiva a adxudicación do devandito contrato é empresa OVIGA, S.L., de acordo co cadro de prezos unitarios ofertados.

4.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas e inicio do expediente para a contratación do Servizo de elaboración do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS).

Apróbanse os pregos e iníciase o expediente de contratación, establecéndose un tipo de licitación de 123.000 euros (IVE incluído).

5. Expediente de concesión de subvencións a entidades sociais e ONGs.

Apróbase inicialmente a concesión dun total de 99.795,74 euros en concepto de subvencións para a realización de programas integrais de inserción sociolaboral, contempladas dentro da iniciativa Urbana Santiago Norte. O reparto é o seguinte: Asociación Plataforma polo Emprego, 20.000 €; Cogami, 20.000 €; Cruz Vermella, 19.795,74€; IGAXES, 20.000 €; e FAEGA, 20.000 €.